

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XANEIRO DE DOUS MIL
CATORCE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Isabel González Domínguez
D. Marcos Guisasola Padín
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a.M^a Victoria González Serén
D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José Buezas Méndez
D. Pablo Piñeiro Taboada
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

D^a María Deza Martínez
D. José-Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil catorce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 25 DE NOVIEMBRE DE 2013. Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase por unanimidade dos/as corporativos/as presentes a referenciada acta.**-----

2º) TOMA DE POSESIÓN DE Mª ESTHER FREIJEIRO VÁZQUEZ COMO CONCELEIRA NO CONCELLO DE SANXENXO. Polo Sr. Secretario faise constar que Dª Mª Esther Freijeiro Vázquez, unha vez recibida no Concello a súa credencial de concelleira electa, presentou a declaración de intereses e actividades e causas de posible incompatibilidade.

Dado que o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral sinala literalmente que: *“No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos”*, a Sra. Freijeiro Vázquez, utilizando a fórmula de **xuramento** prevista no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, **tomou posesión do cargo de concelleira do Concello de Sanxenxo ante a Sra. Presidenta.**-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO “III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE SANXENXO 2013/2016”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais de 23 de xaneiro de 2014** sobre esta proposta.

A Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que votaran a favor ao ser un plan que favorece a igualdade.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que, aínda que este plan era menos ambicioso que o anterior, ían votar a favor de calqueira plan de igualdade, por pequeno que fose, criticando a actuación do goberno do PP por realizar políticas que fan retroceder a igualdade, como a redución de subvencións nesta materia, que afecta tamén aos centros de acollida

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludiu a que este plan supoñía un recorte con respecto ao anterior, avogando porque na comisión na que se fará a súa avaliación e seguimento estea a oposición, o que cre que non sucederá, engadindo que o plan necesita vontade política para levalo a cabo, recordando por último, que as políticas do goberno non favorecen.

A Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, precisou que era plan un mais austero que o segundo, que ía ser acompañado dunha cantidade no presuposto e esperaba obter subvencións, mesmo do goberno central.

A Sra. Alcaldesa agradeceu o apoio ao plan e ao labor que están a facer os traballadores sociais, independentemente de discrepancias políticas.

Ao non producirse mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar o **“III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE SANXENXO 2013/2016”** que se transcribe a continuación:

ÁREAS DE INTERVENCIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANXENXO:

ÁREA 1 : A IGUALDADE NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Segundo a análise dos anteriores plans de igualdade e trala última avaliación constatouse que é preciso adoptar unha estratexia transversal que abrangha toda a política municipal. Así que para acadar este obxectivo é necesario un compromiso por parte dos principais axentes sociais e políticos, de maneira que a igualdade sexa un obxectivo común en tódalas áreas e traballen dun xeito transversal a favor da igualdade de xénero. Preténdese acadar a concienciación social e a formación das e dos distintos axentes sociais coa finalidade de combater e eliminar a idea estereotipada do ideal masculino e feminino e dar lugar a unha nova concepción que permita unhas relacións de xénero baseadas na equidade.

OBXECTIVO 1: Presentar e distribuír o plan de Igualdade entre os distintos departamentos e áreas municipais.

Acción 1.1. : Presentar e explicar o *III Plan de Igualdade 2013-2016* aos técnicos/as municipais e representantes políticos do Concello de Sanxenxo.

Acción 1.2. : Presentar e distribuír o *III Plan de Igualdade 2013-2016* entre os distintos departamentos e áreas municipais; así como entidades sociais e cidadanía do municipio de Sanxenxo.

OBXECTIVO 2: Incorporar a perspectiva de xénero na organización interna municipal como garante do principio de igualdade.

Acción 1.3. : Formar un equipo de traballo de representantes municipais co fin de garantir que se cumpran as accións recollidas no III Plan de igualdade do concello de Sanxenxo.

Acción 1.4. : Establecer un protocolo de actuación entre os departamentos do concello e o CIM, sobre o uso correcto dunha linguaxe non sexista nos bandos, edictos, anuncios, carteis, instancias... e documentos en xeral antes da súa publicación e difusión.

OBXECTIVO 3: Incluír criterios de igualdade entre mulleres e homes nas relacións administrativas, contractuais, institucionais e/ou de colaboración mantidas polo Concello con outras entidades públicas ou privadas.

Acción 1.5. : Velar por que a linguaxe e imaxe empregada en toda a cartelería, documentación, publicidade, proxectos, ofertas de emprego público, etc, non conteña elementos discriminatorios e sexistas.

Acción 1.6. : Incluír ítems diferenciadores de xénero en todas as estatísticas municipais, informes, memorias, actividades... nas que participe a cidadanía.

Acción 1.7. : Garantir a presenza igualitaria de ambos sexos nos tribunais selectivos da administración local.

OBXECTIVO 4: Fomento da participación da muller na vida política do municipio.

Acción 1.8. : Coidar o índice de representación política das mulleres no Concello de Sanxenxo nas concellerías, entidades, órganos decisorios, etc.

Acción 1.9. : Equilibrar a presenza das mulleres e homes na titularidade de concellerías do municipio, promovendo a asunción por parte de mulleres de concellerías tradicionalmente ocupadas por homes e viceversa.

Indicadores de avaliación área 1:

Nº de medidas desenvolvidas.

Nº de persoas participantes desgregadas por sexo.

Índice de representación política das mulleres.

Valoración das medidas, desgregadas por sexo por parte das persoas participantes.

ORGANISMOS IMPLICADOS

Concellería Persoal e Seguridade cidadá.

Concellería de Servizos Xerais e Medioambiente.

Concellería de Cultura e Educación.

Concellería de Infraestruturas e Obras.

Concellería de Urbanismo.

Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude.

Concellería de Facenda, Economía e Emprego

Concellería de Turismo.

ÁREA 2: PARTICIPACIÓN SOCIAL E ASOCIACIONISMO

A participación social e o asociacionismo constitúen un eixo fundamental no desenvolvemento da vida dun municipio e poden ser unha vía de actuación na promoción da igualdade de oportunidades.

O asociacionismo representa a oportunidade de que as mulleres ocupen un lugar dentro da sociedade de maneira activa, dinámica e participativa. Polo que esta área pretende consolidar e reforzar as organizacións de mulleres así como os seus espazos e órganos de participación en tódolos ámbitos da vida pública, cultural e social.

En canto ao asociacionismo feminino, temos que dicir que ten moi pouca representación comparativamente co elevado número de asociacións que existen. Actualmente Sanxenxo conta con 167 asociacións no municipio e cun total de sete asociacións de mulleres: *Asociación de mulleres rurais Santa Catalina de Portonovo, Rurais A Candelaria de Vilalonga, Rurais Celso Emilio Ferreiro de Dorrón, Rurais Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo, Asociación de redeiras Beiramar, Vogalía de muller da Asociación de veciños San Juan de Dorrón e Mulleres en Igualdade de Sanxenxo.*

Obxectivo 1: Promover a participación das mulleres no tecido asociativo do municipio mediante a dinamización e apoio continuo.

Acción 2.1. : Crear un espazo de reflexión, colaboración, intercambio e actuación entre o Concello e as asociacións de mulleres mediante reunións semestrais. Ademais dos encontros puntuais para organizar eventos ou actividades conxuntos.

Acción 2.2. : Continuar co servizo de asesoramento en materia legal, fiscal, subvencións e axudas para asociacións de mulleres.

Acción 2.3. : Favorecer as relacións entre as asociacións de mulleres de Sanxenxo así como entre estas e as existentes noutros lugares.

Acción 2.4. : Difundir un directorio na web do Concello que proporcione información sobre as asociacións de mulleres ou outras con áreas de traballo en materia de muller ou igualdade.

Obxectivo 2: Impulsar o acceso das mulleres á participación en actividades lúdicas e de ocio.

Acción 2.5. : Incentivar ás asociacións a realizar actividades innovadoras dende a perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades.

Acción 2.6. : Fomentar a participación das asociacións de mulleres no día a día do Cim, así como nos eventos programados para o 8 de Marzo e 25 de Novembro.

Acción 2.7. : Difundir dende os medios do Concello, as actividades e eventos organizados polas asociacións de mulleres do municipio: mediante páxina web, redes sociais e taboleiros do concello.

Acción 2.8. : Facilitar o coñecemento e acceso das TIC ás mulleres, realizando cursos adaptados as súas necesidades e favorecer o acceso aos mesmos.

Indicadores de avaliación área 2

- nº de accións programadas.
- nº de accións realizadas.
- nº de mulleres e homes participantes.
- grao satisfacción das persoas participantes desagregado.
- recursos económicos dedicados.
- nº de contactos e reunións establecidas.

ORGANISMOS IMPLICADOS

Concellería de Cultura e Educación.

Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude.

Asociacións de mulleres.

ÁREA 3: SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN EN IGUALDADE.

É de obriga moral contemplar esta área dentro do III Plan de igualdade do Concello de Sanxenxo, e promover a sensibilización a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida persoal, social, laboral e familiar. Para esta tarefa, que persegue un ambicioso obxectivo estratéxico de xénero, é necesario incidir nas distintas instancias de socialización e de

formación de opinión.

A principal finalidade desta área centraríase en disolver os valores, actitudes e estereotipos que perpetúan a tolerancia fronte a desigualdade entre mulleres e homes, así como calquera acción que teña un acto discriminatorio por razón de sexo. Preténdese a toma de conciencia da sociedade sobre a necesidade dunha sociedade máis equitativa en materia de xénero.

Unha das competencias do concello de Sanxenxo, executada a través do Centro de Información ás Mulleres, desde o I Plan de Igualdade son actuacións de sensibilización en materia de igualdade dirixidas á poboación estudiantil. Un xeito de promover a coeducación é potenciar unha nova filosofía educativa a través de campañas de sensibilización dirixidas ao alumnado, nais, pais e persoal docente que realice e impulse o desenvolvemento de diferentes identidades sociais e cree modelos educativos non discriminatorios que permitan que as nenas e nenos elixan unhas opcións académicas e profesionais de acordo cos seus gustos e intereses e non condicionados polo xénero.

OBXECTIVO 1: Sensibilización á poboación sobre a necesidade de crear un novo modelo de sociedade na que as mulleres e os homes sexan iguais respectando as diferenzas individuais como persoas.

Acción 3.1.: Difusión entre a cidadanía de guías e recursos tanto propios como doutras institucións en materia de igualdade.

Acción 3.2.: Proporcionar formación a través de talleres e charlas á poboación xeral, co fin de cambiar o modelo tradicional de roles e estereotipos de xénero.

Acción 3.3. : Desenvolver actividades específicas para a educación en igualdade dentro da programación recollida na celebración de días como o Día da Muller e /ou o Día contra a violencia de xénero.

Acción 3.4.: Organización de concursos e premios con temática en igualdade de oportunidades destinados á cidadanía.

OBXECTIVO 2: Impulsar no medio educativo un cambio nos estereotipos e roles de xénero sexistas para acadar a igualdade de oportunidades no eido educativo.

Acción 3.5. : Realizar obradoiros de coeducación, cursos e seminarios para favorecer a educación non sexista entre a comunidade educativa.

Acción 3. 6. : Difusión da información relativa, material e recursos didácticos en xénero e igualdade ao persoal docente para traballar nas aulas e nas actividades extraescolares: a educación afectiva e sexual, o respecto á libre determinación sexual e á identidade de xénero, facilitar a detección e prevención da violencia de xénero entre a mocidade, para integrar a igualdade nos currículos dos centros educativos.

OBXECTIVO 3: Sensibilizar en materia de conciliación da vida persoal e laboral e na repartición equitativa das tarefas domésticas.

Acción 3. 7. : Programación e execución de accións formativas dirixidas aos homes para o fomento de novos modelos de masculinidade ligados a aspectos de xustiza social vinculados á corresponsabilidade familiar desde a perspectiva da ética dos coidados.

Acción 3.8. : Promoción, a través de actividades de sensibilización, de cara á repartición responsable de tarefas no ámbito privado, facendo especial fincapé na visibilización e erradicación dos micromachismos.

Indicadores de avaliación área 3

Nº de charlas, seminarios.

Nº de medidas desenvolvidas.

Nº de persoas participantes desgregadas por sexo

Valoración das medidas, desgregadas por sexo por parte das persoas participantes.

ORGANISMOS IMPLICADOS

Concellería de Cultura e Educación.

Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude.

Concellería de Facenda, Economía e Emprego.

ÁREA 4: FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN

O acceso ao mercado de traballo das mulleres é unha dificultade latente e visible nas taxas de desemprego feminino e no tipo de contrato que máis predomina. Contar cun emprego é un dereito de todo traballador/a ademais dunha achega das mulleres ao desenvolvemento social e económica dunha comunidade.

A formación xoga un papel fundamental no acceso ao mercado laboral. Segundo os datos do IGE 2012, as mulleres do concello de Sanxenxo en busca de emprego teñen formación básica (ensino obrigatorio). Este feito deriva nunha dificultade para acceder a un posto de traballo e, en caso de telo, traballar en condicións precarias e cunha baixa remuneración laboral.

Respecto á conciliación é preciso establecer e seguir ofertando servizos comunitarios axeitados ás necesidades familiares para que o acceso a un posto de traballo sexa igualitario e non discriminatorio por razón de xénero e sexo.

Obxectivo 1: Facilitar a inserción laboral das mulleres do municipio.

Acción 4.1. : Fortalecer os perfís profesionais das mulleres a través de accións formativas considerando as novas áreas de emprego e demandas do mercado laboral do municipio.

Acción 4.2. : Desenvolver accións de información, orientación laboral e formación e procura de emprego dirixidas a mulleres con especial atención ás mulleres pertencentes a colectivos vulnerables.

Acción 4.3.: Manter canles de comunicación bidireccionais coa Oficina Municipal de Emprego para a avaliación conxunta das necesidades de formación e emprego das mulleres.

Acción 4.4.: Impulsar a implantación de medidas de acción positiva para unha efectiva diversificación das ocupacións e a promoción das mulleres na administración local e nas empresas contratadas polo concello.

Acción 4.5. : Incluir nos proxectos que fomenten a empregabilidade e formación, accións positivas para mulleres con diversidade funcional que contribúan a súa inserción no mercado laboral.

Obxectivo 2: Promover e apoiar a iniciativa emprendedora das mulleres do municipio.

Acción 4.6.: Desenvolvemento de sesións de promoción e difusión de información sobre o emprendemento e autoemprego das mulleres.

Acción 4.7.: Difundir e informar ás mulleres de forma periódica sobre as axudas para a creación ou mantemento dunha empresa.

Acción 4.8. : Promover o contacto entre mulleres emprendedoras e empresarias para intercambiar experiencias no proceso de creación e consolidación dun negocio ou empresa.

Obxectivo 3: Promover a utilización dos recursos e servizos do municipio imprescindibles para conciliar a vida profesional, persoal e familiar de toda a cidadanía, particularmente relevantes no caso das mulleres.

Acción 4.9.: Continuar co servizo de apoio á unidade de convivencia PAIFILLONAI, do Concello de Sanxenxo.

Acción 4.10. : Promover a utilización do Centro de Día municipal en beneficio das persoas dependentes e das súas/seus coidadoras/es habituais.

Acción 4.11. : Difusión periódica da normativa existente sobre conciliación da vida laboral, persoal e familiar (permisos, licencias e excedencias) dirixida tanto ao tecido empresarial como ás traballadoras e traballadores da zona.

Indicadores de avaliación área 4

Nº de charlas, seminarios.

Nº de medidas desenvolvidas.

Nº de persoas participantes desgregadas por sexo

Valoración das medidas, desgregadas por sexo por parte das
persoas participantes.

ORGANISMOS IMPLICADOS

Concellería de Cultura e Educación.

Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude.

Concellería de Facenda, Economía e Emprego.

Concellería Persoal e Seguridade cidadá.

Concellería de Servizos Xerais e Medioambiente.

ÁREA 5: VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia de xénero segue profundamente arraigada á nosa sociedade. Co paso dos anos non desaparece, senón que a temos sempre presente, non se erradica. Ademais a violencia de xénero toma novas formas; xa non só existe violencia psicolóxica ou física, senón tamén violencia sexual, económica, social, é dicir que a violencia de xénero está a evolucionar. Na actualidade, a violencia de xénero é a principal causa de redución na calidade de vida das mulleres e ten consecuencias graves que dificultan o desenvolvemento pleno das mulleres e a súa participación activa en todos os ámbitos da vida social.

A administración local debe dotar dos mecanismos necesarios para facilitar a integración social e laboral e a independencia económica das mulleres vítimas de violencia de xénero. A coordinación entre organismos é clave para acadar unha maior eficacia e complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Obxectivo 1: Sensibilización e concienciación na loita contra a violencia de xénero.

Acción 5.1. : Continuar cos actos de sensibilización do día 25 de Novembro elaborando unha programación de eventos e actividades.

Acción 5.2. : Realización de campañas de sensibilización sobre a violencia machista, especialmente nos centros educativos.

Acción 5.3. : Sensibilizar ós pais e nais, sobre a importancia da educación en igualdade e facelo partícipes desta tarefa.

Acción 5.4. : Promover campañas de sensibilización animando ás mulleres á denuncia como método de loita e prevención das agresións.

Acción 5.5. : Promover certames e premios en prol da prevención da violencia de xénero.

Obxectivo 2: Impulsar programas integrais de loita contra a violencia de xénero garantindo e mellorando a atención das vítimas.

Acción 5. 6. : Facilitar a formación continua en materia de violencia de xénero do persoal especializado que intervén na atención de casos de violencia de xénero.

Acción 5. 7. : Continuar coa coordinación dos diferentes axentes sociais que interveñen nos casos de violencia de xénero, así como as Mesas Locais de violencia de xénero.

Acción 5. 8. : Confeccionar protocolos multidisciplinares para a atención integral á muller vítima de violencia de xénero.

Acción 5. 9: Apoio na incorporación ao mundo laboral priorizando a participación das vítimas de violencia de xénero en proxecto de emprego e actividades formativas dos distintos departamentos municipais.

Acción 5. 10 : Crear un grupo específico de apoio de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Acción 5.11. : Impulsar o programa de autoestima para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Acción 5. 12. : Colaborar con organismos que realicen plans de reeducación de persoas maltratadoras.

Indicadores de avaliación área 5

Nº de medidas desenvolvidas.

Nº de persoas participantes desgregadas por sexo

Valoración das medidas, desgregadas por sexo por parte das persoas participantes.

ORGANISMOS IMPLICADOS

Concellería de Cultura e Educación.

Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude.

Concellería de Facenda, Economía e Emprego.

Concellería Persoal e Seguridade cidadá.

Concellería de Servizos Xerais e Medioambiente.

ÁREA 6: CULTURA E DEPORTE

A cultura preséntase como instrumento indispensable para o progreso económico e social, así como arma para avanzar na loita contra a discriminación e a desigualdade entre mulleres e homes. O deporte é unha oportunidade para o desenvolvemento persoal satisfactorio das persoas; polo tanto é preciso fomentar o deporte feminino en todos os ámbitos.

Obxectivo 1: Fomentar a participación das mulleres no ambiente cultural do concello de Sanxenxo e promover a cultura feita por elas.

Acción 6.1.: Creación dun espazo dedicado á temática de xénero na Biblioteca Municipal.

Acción 6.2. : Continuar promovendo os certames de narración con obras que traten temática de igualdade de oportunidades.

Acción 6.3. : Facilitar a divulgación artística de obras realizadas por mulleres de Sanxenxo facilitando a exposición e coñecemento das súas obras a toda a cidadanía.

Acción 6.4. : Divulgar as tradicións nas que participan historicamente as mulleres e visibilizar as achegas das mulleres ao municipio.

Acción 6.5. : Incluír nas programacións culturais proxeccións de películas con temática relacionada coa igualdade e a non discriminación por razón de sexo.

Obxectivo 2: Favorecer o acceso e participación das mulleres ás diferentes actividades físicas e

deportivas.

Acción 6.6. : Informar e fomentar o coñecemento dos deportes entre as mulleres e nenas, especialmente aqueles nos cales están subrepresentadas.

Acción 6.7. : Fomentar a práctica do deporte mixto nas probas deportivas nas que participe o concello, cando isto non sexa posible, promover probas por categorías feminina e masculina.

Acción 6.8. : Garantir nas actividades deportivas nas que participe o Concello igualdade nos premios.

Acción 6.9. : Apoio ás deportistas destacadas no Concello de Sanxenxo.

Indicadores de avaliación área 6

Nº de medidas desenvolvidas.

Nº de persoas participantes desgregadas por sexo

Valoración das medidas, desgregadas por sexo por parte das persoas participantes.

ORGANISMOS IMPLICADOS

Concellería de Cultura e Educación.

Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude.

Concellería de Facenda, Economía e Emprego.

ÁREA 7: SAÚDE E BENESTAR

Enténdese a saúde e benestar como clave de equidade entre homes e mulleres. A igualdade supón a loita contra a pobreza e desigualdades sociais, así como a consecución do plenos benestar físico, mental e social das mulleres e homes.

As mulleres padecen problemáticas de saúde específicas derivadas da situación socioeconómica, da asunción en exclusiva das responsabilidades familiares, do coidado das persoas dependentes, dos usos do tempo, da violencia que se exerce contra elas, etc. Por todo elo, estas feitos están a influír negativamente na súa calidade de vida.

Obxectivo 1: Promover programas de educación para a saúde.

Acción 7. 1. : Continuar co programa de fomento de hábitos de vida saudables dirixido á cidadanía en xeral e de forma especial as mulleres.

Acción 7. 2. : Desenvolver programas de educación para a saúde nos centros educativos municipais.

Acción 7.3. : Apoiar os programas de prevención e diagnóstico precoz dos trastornos e/ou enfermidades específicas das mulleres.

Acción 7.4. : Impulsar e fomentar o uso dos servizos municipais relacionados coa saúde tales como o programa municipal de prevención de drogodependencias, taller municipal de memoria e centro de día municipal.

Obxectivo 2: Promover o fomento dunha sexualidade saudable.

Acción 7. 5. : Realización de programas en colaboración directa con centros educativos sobre sexualidade e práctica saudable.

Acción 7. 6. : Promover a asesoría de axuda e información sexual no Centro de Información á Muller de Sanxenxo.

Acción 7. 7. : Realizar campañas divulgativas dirixidas á cidadanía en xeral sobre temas relacionados coa sexualidade, prevención de embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual.

Indicadores de avaliación área 7

Nº de medidas desenvolvidas.

Nº de persoas participantes desgregadas por sexo.

Valoración das medidas, desgregadas por sexo por parte das persoas participantes.

ORGANISMOS IMPLICADOS

Concellería de Cultura e Educación.

Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude.

Concellería de Facenda, Economía e Emprego.

7.AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

O deseño do sistema de avaliación do III Plan de Igualdade do Concello de Sanxenxo segue as recomendacións recollidas no informe da avaliación do II Plan de Igualdade 2008-2010.

Estas suxestións céntranse na necesidade de crear unha comisión de seguimento de carácter semestral co obxectivo de revisar a posta en marcha das accións previstas, valoración de resultados, seguimento global do plan con informes semestrais e calendario de planificación de reunións. Esta comisión estaría composta por persoal técnico do Concello de Sanxenxo.

Levar a cabo unha avaliación e seguimento vai aportar información sobre a execución do mesmo, o alcance das medidas deseñadas, a consecución dos obxectivos previstos, os procesos de implantación e posibles desviacións do plan.

A avaliación que se levará a cabo será cuantitativa e cualitativa.

A avaliación cuantitativa valora o grao de consecución dos obxectivos propostos por medio dun sistema de indicadores xa recollidos en cada área de intervención:

- Contabilizacións das accións levadas a cabo.

- Número de produtos, resultados das distintas accións, como estudos, investigacións, materiais,...
- Contabilización de participantes en actividades concretas.

----- FICHA DE SEGUIMIENTO -----

- Enquisas de satisfacción para participantes e persoal /organismos implicados.

A avaliación cualitativa ten como obxectivo recoller información acerca da opinión e puntos de vista das persoas implicadas na posta en marcha e desenvolvemento do plan.

-Entrevistas/reunións con axentes implicados no plan para coñecer:

- Grao de satisfacción dos asistentes ás actividades.
- Cooperación e participación na actividade.
- Grao de implicación/compromiso dos diferentes axentes co III Plan de Igualdade.

En relación ao momento de avaliación distinguimos avaliación intermedia e final; dita avaliación levarase a cabo pola comisión de seguimento (intermedia) e por un equipo avaliador externo (final). A *avaliación intermedia* debe realizarse de forma semestral para coñecer o avance do mesmo; así poder analizar a súa adecuación ás necesidades, obxectivos e propoñer, se é necesario, axustes. Esta avaliación pódese realizar pola comisión de seguimento, persoal técnico do concello de Sanxenxo activamente implicado no desenvolvemento das medidas; polo que a avaliación intermedia levaríase a cabo de modo interno.

A *avaliación final* ten como obxectivo coñecer e valorar o grao de consecución dos obxectivos e dos resultados acadados. Polo que se recomenda que esta avaliación sexa realizado por un equipo avaliador externo, aportando unha visión diferente.

SEGUNDO: dar conta deste acordo a **Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia** para os efectos oportunos.”-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais** de 23 de xaneiro de 2014 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, resaltou que este asunto foi a comisión informativa por urxencia, cunha exposición mínima dun membro do goberno municipal e non puideron acceder á documentación ata despois da sesión, polo que, independentemente de que votarán a favor por considerar que se producen melloras con respecto á actual ordenanza, solicita á concelleira da área que de explicacións sobre como queda a ordenanza.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que o motivo desta modificación era un cambio na normativa da Xunta gobernada polo PP, que aposta por un copagamento cada vez maior, así o grao 2, que é o mais numeroso, sofre un considerable incremento de mais do tres por cento, non estando de acordo con que cada vez se pague mais por

este servizo, votando en contra desta proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dixo que esta modificación ía na liña de que sexan os propios usuarios os que contribúan economicamente a manter este servizo, algo co que están en contra por considerar este servizo prioritario. A continuación o interviniente incidiu nos recortes da aportación económica do Estado e da Xunta de Galicia, así como o prexuízo que para estes servizos, que agora se necesitan mais que nunca, en concellos como este, de menos de 20.000 habitante, ía supoñer a nova Lei de Réxime Local, co que debeu existir outro tipo de actitude que non se deu, mostrando un apoio as siglas políticas por riba de todo. Finalmente aludiu a que no expediente había unha dilixencia de intervención que aludía a existencia dunha ordenanza fiscal que ten sen definir a súa modificación, sendo ese o momento no que se verá o que pasa coas aportacións dos usuarios.

A Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que se modificaban as táboas de copagamento e se introducían servizos comúns e específicos, engadindo que apostaban por prestar este servizo cun persoal eficiente, mantendo o prezo dende o seu comezo.

A Sra. Aguíñ Pombo sinalou que co aumento das cantidades a pagar polos usuarios, haberá persoas que non poidan utilizalo, preguntándose entón para que serve e engadindo que dende o goberno se está a pretender a privatización dos servizos.

O Sr. Otero Domínguez aludiu a que a **Concelleira de Servizos Sociais** xa afirmou que se modificaba o copagamento e continuou dicindo que este non era tal, senón repagamento, posto que os veciños xa contribúen ao mantemento dos servizos cos seus impostos. O interviniente afirmou que se estaba a aceptar que este tipo de servizos sexa lucrativo para as empresas, habendo unha política privatizadora. Finalmente dixo que coa ordenanza fiscal se vera o que supón de incremento das taxas a aboar polos usuarios.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que este goberno non ía privatizar todo, nin converter nada en lucrativo, porque non se vai cobrar polo servizo mais do que custa, engadindo que este concello ten agora moitos menos ingresos e por algún lado hai que recortar, considerando demagóxicas neste caso as referencias ás políticas do goberno estatal.

A Sra. González Domínguez explicou que non era intención privatizar servizos relacionados co benestar social e que, a pesar da diminución dos ingresos, se están a manter os servizos, engadindo que en Sanxenxo, ninguén que o necesite, quedará sen este servizo.

A Sra. Alcaldesa, logo de matizar aos grupos da oposición municipal que, para referirse as privatizacións de servizos, tiñan que mirar os concellos onde gobernan, precisou que en Sanxenxo non só non se privatizan servizos, senón que se fan públicos, como o da limpeza ou piscina e recordou que o de axuda no fogar se presta directamente polo concello. Continuou dicindo que sabía que o copagamento cada vez era mais gravoso, pero isto era mellor que dicir que a dependencia é gratuita, cando non é posible, engadindo que votarán a favor para que este servizo sexa sostible e se poida manter.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da “**ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANXENXO**”, que se achega a esta proposta e que afecta aos seus seguintes artigos:

Exposición de motivos, Art. 6.2, Art. 7, Art. 12.1, Art. 15.2, Art. 16.1, Art. 17.1, Art. 19, Art. 20.3, Art. 21 e Anexo VI.

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o expediente, para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobada a ordenanza no caso de que estas non se producisen.

TERCEIRO: A presente modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro da “**ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANXENXO**”, coas modificacións obxecto deste expediente incorporadas, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local”.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 12 DE NOVEMBRO DE 2013 AO 10 DE XANEIRO DE 2014 (DE RES. Nº 1296/13 Á Nº 22/14). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 12 de novembro ao 10 de xaneiro de 2014, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL SOBRE A REXENERACIÓN DA PRAIA DA CARABUXEIRA (R. ENTRADA NUM. 474 DO 27/01/14). O Sr. **Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 27 de xaneiro de 2014 a seguinte **MOCIÓN URXENTE:**

ANTECEDENTES

Os veciños próximos á praia da Carabuxeira foron testemuñas de cómo ano tras ano, dende a finalización das obras de ampliación do Porto Deportivo de Sanxenxo, esta praia ía desaparecendo como consecuencia de tales obras. As denuncias destes veciños están recollidas e argumentadas na propia administración local dende o ano 2.000.

A lentitude de reacción por parte das diferentes administracións á hora de redactar e executar un proxecto para remediar o impacto medio ambiental causado pola obra do porto deportivo, derivou despois de todos estes anos de erosión, nunhas consecuencias gravosas para as vivendas privadas, poñendo en risco a habitabilidade das mesmas, así como danos a un muro público de contención.

Despois da redacción dun proxecto básico de rexeneración da praia da Carabuxeira pendente do visto e prace por parte do Servizo Provincial de Costas dende hai case un ano, e ao non ser un problema económico xa que para a execución deste se conta cun aval de 901.518,16 € depositado antes Costas, aínda a día de hoxe, non se produciron avances neste sentido.

Dada a gravidade inminente dos danos que a erosión e o impacto medioambiental causou tanto á Praia da Carabuxeira como a bens municipais como privados, solicitamos para o seu debate e no seu caso a aprobación no pleno da corporación da seguinte MOCIÓN:

1º.- Instar ao departamento do Servizo Provincial de Costas para que aprobe de forma URXENTE o proxecto básico de rexeneración da praia da Carabuxeira.

2º.- Acordar que por parte da administración local se proceda á execución urxente dunha actuación para reparar e cimentar previos informes técnicos si fose necesario os danos nos bens públicos (fundimento do vial municipal producido polo descalce do muro público que sostén dito vial) xa que de non facelo así a agua seguirá.

3º.- acordar como medida provisional e tamén con carácter urxente por parte das administracións competentes, uns permisos especiais para que as persoas afectadas por esta causa poidan repoñer e emendar as fochas e socabóns que a erosión produciron por debaixo das cimentacións das súas propiedades para que as consecuencias non sigan indo a mais.”

O **Sr. Gonzalo Pita**, logo de sinalar que ao texto da moción se engadía a referencia ao incremento dos danos, tanto a bens públicos como privados, manifestou que a urxencia estaba mais que xustificada e indicou que xa nos escritos de Costas e Concello xa se fala dela, sinalando que o impacto medio ambiental da obra do porto deportivo causa estes danos.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O **Sr. Gonzalo Pita** recordou a existencia do aval depositado en Costas para responder dos danos da obra do porto e que están pendentes dos últimos informes para darlle o visto e prace ao proxecto de rexeneración, tendo en conta que despois está o proxecto de execución, pedindo que se lle dean facilidades aos veciños para facer obras de reposición e non aumenten os danos provocados pola erosión, tratándose de medidas urxentes.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, anunciou unha reunión mañán coa Xefatura Provincial de Costas para axilizar as xestións, solicitando do goberno

municipal que tamén se actúe neste senso con Costas do Estado e se consiga a rexeneración da praia..

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludiu a que, xa no ano 2000, coas obras en construción, o BNG advertiu das súas consecuencias nas praias, confirmándose agora esas sospeitas. O interviniente recordou que o porto pasou logo a mans municipais, cos informes favorables dos distintos organismos, collendo a concesión con varias consecuencias, a primeira unha multa por exceso na construción, tratándose dun porto feito sen garantías medioambientais, que agora ten este impacto sobre as praias, sen que se realizase nada polo goberno, engadindo que os responsables son os que permitiron avanzar as obras ata o límite, preguntándose quen ten que asumir o custe das obras de rexeneración, quen é o responsable e quen financiará esas obras, porque os veciños do Concello de Sanxenxo non teñen que asumir o custo dos erros dos que permitiron as obras.

O Sr. Gonzalo Pita aclarou que na moción non se fala de financiar obras particulares, tan só que se dean permisos especiais para executalas, dado que non se pretende pagar con diñeiro público gastos privados, outra cousa é que logo se produzan reclamacións.

A Sra. Aguín Pombo sinalou que as consecuencias de facer obras como as do porto, sen cabeza, son ter que rexenerar a praia de Silgar ou, no futuro, a da Carabuxeira, para evitar a súa perda.

O Sr. Otero Domínguez dixo que os danos estaban aí, co cambio de correntes, sendo necesario actuar con carácter inminente para conseguir a rexeneración da praia, precisando que existe unha responsabilidade das administracións (Costas do Estado e Xunta de Galicia) que autorizaron a obra do porto, que non é de Nauta, senón de Portos de Galicia e que realizou unha empresa privada, sendo esas administracións as que terán que asumir os custos da rexeneración.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, logo de precisar que se referían as obras do porto, non ás da súa ampliación, sinalou que, ao seu xuízo, o culpable era Costas do Estado, non o concello nin a empresa que fixo as obras, posto que esta realizou o que lle permitiron e, se os estudos previos foron inadecuados, a culpa era de quen deu a autorización. O interviniente proseguíu dicindo que o proxecto facía moitos anos que estaba realizado, estando pendente de autorización, destacando que non se actuou pola protesta dos propietarios, senón que estas xestións se viñan realizado dende facía moito tempo, debendo isto estar xa solucionado por Costas. Finalmente indicou que as autorizacións están reguladas, non existindo as especiais e que tampouco se podía gastar o diñeiro público en propiedades privadas.

A Sra. Alcaldesa desculpou a ausencia da concelleira **D^a María Deza Martínez** pola súa recente maternidade, trasmitíndolle o parabén. A continuación a interviniente dixo que ía pedir o voto en contra desta moción porque non tiña sentido, aludindo a que nos membros da oposición existía moito descoñecemento, a pesar de que forman parte do Consello de Nauta, posto que debían coñecer o proxecto, que xa está perfectamente redactado. Proseguíu indicando que, en contra do manifestado polo **Sr. Otero Domínguez**, neste caso non existe un porto privado, porque se comprou unha concesión, cun prezo por debaixo do seu valor normal, con certas condicións, como asumir a multa por exceso de obra e poñer un aval pola rexeneración das praias de Carabuxeira e Lavapanos, formalizando un préstamo que remata en xullo de 2014. A interviniente dixo que no proxecto de rexeneración das praias, non só das que son obxecto da moción, se leva traballando mais de dez anos, conta con todos os estudos medioambientais e se encontra na Dirección Xeral de Costas do Estado, contando co apoio da Xefatura provincial de Pontevedra, recordando que nas

propiedades privadas non se pode actuar, tan só colaborar nos trámites para que obteñan as autorizacións, independentemente de que despois se poidan presentar reclamacións por negligencia da administración. Finalmente indicou que non se pode confundir a obra do porto, coa da ampliación actual, fronte á que estiveron en contra dende un principio, interpoñendo recursos, tanto dende o concello como dende Nauta e apoiando a plataforma veciñal.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, non resultou aprobada a moción antes transcrita.-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO (R. ENTRADA NUM. 462 DO 27/01/14). A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SANXENXO CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Sanxenxo desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** ca seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a

seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprimíase o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e “grave perigo para a vida ou a saúde” da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprimíase tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificando a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgúns mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por estas razóns, o Concello de Sanxenxo aproba o seguinte acordo:

“O Concello de Sanxenxo insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.”.

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.”

A **Sra. Aguíñ Pombo**, logo de felicitar a **Sra. Deza Martínez** pola súa recente maternidade, xustificou a urxencia da moción porque o tema do aborto estaba tranquilo e, de súpeto, un ministro do goberno elabora un proxecto de lei que vai en contra da liberdade da muller, quedando a decisión en mans dos médicos, sendo especialmente espeluznante a referencia á malformación do feto, considerando importante que o pleno se pronuncie rexeitando este proxecto de lei.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que non estaba a favor da urxencia da moción e ía pedir a abstención na votación da súa consideración e tampouco da lei e da alusión á malformación do feto, porque entende que a muller debe ser libre para saber o que vai facer, sendo a súa postura persoal que este tema non debería estar regulado.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A CONTRATACIÓN DE FORMA INMEDIATA DUNHA AUDITORÍA EXTERNA PARA QUE SE COMPROBE O CUMPRIMENTO DE CADA UN DOS CONTRATOS ASINADOS COA CONCESIONARIA “ESPINA & DELFÍN, S.L.” A Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguiñ Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

En Xaneiro do ano 2012, é dicir fai dous anos, o PSdeG-PSOE de Sanxenxo presentaba unha moción para que se realizase unha auditoría interna ou externa sobre o cumprimento do contrato por parte da concesionaria Espina&Delfín, S.L.

A mencionada moción decía o seguinte:

“Na actualidade a empresa Espina e Delfin, S.L. é a actual empresa concesionaria de servizos de abastecemento de auga potable a domicilio, saneamento e depuración de augas residuais, segundo o contrato a 31 de Marzo de 1995 e con efectos dende o 1 de xaneiro de 1995 ata o 31 de Decembro de 2009.

En Xullo de 2006 firmase un contrato de prórroga da actual concesionaria do servizos de abastecemento de auga potable a domicilio, saneamento e depuración de augas residuais.

No contrato de prórroga figuran os seguintes puntos da orde do día:

“8. A empresa concesionaria oferta unha cantidade de 3.200.000€ ao seu risco e ventura sen ningún dereito de reversión nin retorno ou evento ou condición pasada presente ou futura de calquera xénero.

9. En todo caso a empresa concesionaria estaría disposta a entregar unha cantidade de ata 4.600.000 € e de acordo a unha escala que se uniría como anexa ao presente contrato en consideración ao alto volumen de crecemento esperado no número de abonados.

10. As mencionadas cantidades aplicaríanse a efectuar obras ou investimentos que establece a administración, segundo proxectos por ela comprobados, e na versión de prezos de execución por contrata, no marco das finalidades aprobadas polo Pleno da Corporación con ocasión dos orzamentos desta anualidade, e ás bases de execución do orzamento.

11. O prazo de execución sería como máximo, de vintecatro meses, a contardende a súa supervisión dos

proxectos por parte da Administración.

12. Para o caso de que a Administración faga uso da oferta establecida pola empresa concesionaria na cláusula 9ª, o período de revisión sería o trienio 2007, 2008 e 2009 tomando como promedio o establecido nas bases que se unen como anexo ao presente”.

Consideramos que este contrato é de sumo interés para todos os veciños de Sanxenxo, porque repercute nas arcas municipais, na actualidade moi debilitadas.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Que se realice unha auditoría interna ou externa dónde reflexe o grado de cumprimento do contrato de Espina e Delfín, que conste as entregas feitas ata a data, un resumen nominativo de todas as altas de abonados, en comparativa coa escala adxunta ao contrato.

2.- Que a mencionada auditoría sexa fiscalizada Interventor Xeral do Concello de Sanxenxo.

3.- A entrega de toda a documentación que se faga antes do vindeiro pleno ordinario que se celebrará no mes de Marzo.””

Recordamos que por parte da portavoz do goberno do PP

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, anunciou o voto en contra posto que a documentación consta no concello auditada polo **Sr. Interventor**, precisando que “Espina & Delfín, S.L.” aportou catro millóns seiscientos mil euros, parte en facturas e parte en obras, información que se pode solicitar.

A cuestión é que dous anos despois quedou demostrado que as manifestacións realizadas pola Sra Deza non eran certas, nin Espina&Delfín había aportado a cantidade mencionada nin o expediente había sido fiscalizado polo Sr. Interventor.

En todo este intervalo de tempo tamén se pudo comprobar como a empresa concesionaria iniciou varios litixios xudiciais con Concello de Sanxenxo. Ademáis durante un tempo retivo os importes recaudados do cobro das taxas da auga e saneamento pertencentes ao Concello.

A semana pasada o goberno anunciaba que iba a levar ao pleno o pago da auga pendente a Mancomunidade do Salnés, o cal o pagaría a concesionaria Espina&Delfín e podemos comprobar que nin se leva a pleno e que non está moi claro que se poida levar este acordo.

Para o PSdeG-PSOE de Sanxenxo cada vez hai máis oscuros neste expediente que claros. Está en xogo moitos cartos para as deficitarias arcas municipais.

Por todo elo, solicitamos ó leno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Que se contrate de forma inmediata unha auditoría externa, con un prazo máximo de execución de 5 meses, dónde se comprobe de unha forma clara i exhaustiva o cumprimento de cada un dos contratos asinados coa concesionaria Espina&Delfín.”

A **Sra. Agúin Pombo** xustificou a urxencia da moción porque facía mais de dous anos que preguntaron por este expediente e seguen sen aclararse as achegas de Espina e Delfín e sen existir unha auditoría fiscalizada polo Interventor, engadindo que existen dúbidas, polo que fai falta un informe externo en beneficio do interese xeral.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

A **Sra. Aguín Pombo** sinalou que facía mais dun ano que se creou unha comisión de traballo e segue sen saberse se a empresa lle debe ao concello ou é ao revés e mesmo a concesionaria parece ir por libre, entendendo que a única maneira de garantir a transparencia é contratar unha auditoría externa

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que había que facer algo para saber se existía unha falta de pagamento por parte de Espina e Delfín, recordando que o concello debe unha cantidade importante por este concepto á Mancomunidade do Salnés, á que se lle está a causar un importante prexuízo, polo que, ante estas dúbidas, pode ser interesante contratar unha auditoría externa.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que se negaba rotundamente a contratar unha auditoría externa, porque isto era matemática pura e existe persoal que pode facer esa auditoría, agardando que se realice dunha vez e se presente á Alcaldía.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que ía pedir o voto en contra da moción, mostrándose de acordo co manifestado polo anterior interviniente e explicou que o contrato coa concesionaria é complexo porque ten variantes, como a referencia a achega da concesionaria de 3.200.000 € ou o que se faría no caso de alcanzar un número determinado de novos abonados, aos que non se chegou, estando pendente de verificar o cumprimento das condicións do contrato, para o que se nomeou unha comisión, que, a súa vez, abriu varias pezas separadas, como a do número de usuarios ou a da asunción dos gastos da depuradora do Dena, precisando que por este asunto a concesionaria non estivo en litixio co concello e se coa Xunta de Galicia. A interviniente, sobre o referente a auga procedente da Mancomunidade do Salnés, indicou que esta subiu o custo e o Concello non fixo o propio para os veciños, porque entende que pode corresponderlle á empresa concesionaria, motivo polo que se impulsou o correspondente expediente instruído polo Tesoureiro Municipal e ao que lle faltan informes, tendo en conta que o importe a maiores das obras efectuadas, probablemente, o terá que asumir o concello, pero non a restante contía. Por último destacou que a contratación dunha auditoría externa supoñería, ademais, que a empresa adjudicataria tería que comezar de novo, que descoñecía que a concesionaria quedase con diñeiro dos veciños e que tamén existían discrepancias sobre a quen lle correpondía aboar o custo dos bombeos realizados logo do comezo da concesión, entendendo o concello que era a Espina e Delfín.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, non resultou aprobada a moción antes transcrita.-----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO QUE NON SE PRORROGUE O CONTRATO DO SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA NO CENTRO CULTURAL DE ADINA (R. ENTRADA NÚM. 233 DO 15/01/14). O Sr. Buezas

Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro da desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de Xaneiro do Ano 2012 asinouse o contrato de contratación de servizo de “bar-cafetería no Centro Cultural de Adina”.

Tal e como se especificaba no Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares a duración do contrato será un ano a contar dende o comezo da prestación efectiva do servizo. O contrato poderá prorrogarse ano a ano ata un prazo máximo de catro anos. As prórrogas serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse en documento administrativo antes do remate do contrato.

Dende o Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo sempre manifestamos o noso desacordo de compatibilizar o uso da casa da Cultura coa instalación de unha cafetería nas propias instalacións.

Dende a firma do contrato a finais do ano 2012 xa se firmou unha prórroga do contrato de servizo de cafetería.

Por outra parte tamén e certo que tendo en conta o número de habitantes que ten a parroquia de Adina así como o número de actividades desenroladas polos propios colectivos da parroquia fai que as actuais instalacións da Casa da Cultura sexan insuficientes e moito máis tendo en conta o espazo ocupado pola propia cafetería.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO:

Non se prorrogue o contrato de contratación de servizo de “bar- cafetería” no Centro Cultural de Adina.”

O **Sr. Buezas Méndez** xustificou a urxencia polo feito de que agora é a oportunidade para non prorrogar o contrato.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, mostrouse de acordo coa moción, cualificando de miserable a ocorrencia de pagar parte dos gastos do centro a traves do bar.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular** recordou que non só este centro cultural ten bar e que esta cafetería era un punto de encontro que permitía prestar un servizo, habendo veciños de Adina que non participaban co sentir manifestado anteriormente polos representantes doutros grupos políticos municipais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que ía votar en contra porque ningún representante da Asociación de Veciños de Adina foi a falar con el deste asunto, engadindo que o **Sr. Otero Domínguez** debía retirar a palabra miserable.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que respectaba o traballo de todas as asociacións e aclarou que tamén os veciños que non forman parte delas teñen dereito a ir a tomar algo a cafetería, engadindo que a non

existencia desta supoñería non ter lugar de reunión, porque só poderíase ir ao centro cultural cando se desenvolvese algunha actividade.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 1 (Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 7 (Grupo Municipal do Partido Popular).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**-----

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO A CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN MUNICIPAL QUE TEÑA POR OBXECTO ACLARAR E DEPURAR RESPONSABILIDADES POLÍTICAS E PATRIMONIAIS NAS QUE PUIDERAN INCORRER AS AUTORIDADES, TÉCNICOS E PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO QUE INTERVIRON NOS EXPEDIENTES ANULADOS POLA XUSTIZA. O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo

EXPÓN:

Nestes momentos estase instruindo no Xulgado número 2 de Cambados unhas dilixencias de ámbito penal en relación a supostos delitos urbanísticos con implicacións de políticos e técnicos responsables da Xestión Urbanística de Sanxenxo.

Algúns dos expedientes que deron lugar a este proceso están precedidos de sentenzas xudiciais no Contencioso-Administrativo polo que o Concello foi condenado a indemnizacións económicas MOI importantes á vez que a unhas obrigas de demolición aínda non executadas e en algún caso nin tan sequera cuantificada economicamente.

Exemplo disto son dous dos expedientes que forman parte da instrución xudicial xa referida: o caso do edificio na rúa Progreso (Promotora Balboa y Chan), ou os chalés de Dorrón (Promotora Ferro Mesego).

Ademais destes dous, existen outros expedientes urbanísticos con sentenzas firmes desfavorables aos intereses municipais, exemplo de elo é o Solo Urbanizable nº 13 (Monte Faro).

A lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas de Procedemento Administrativo Común no seu artigo 145, nos puntos 2 e 3 regulan:

“2.A adminsitración correspondente, cando houber indemnizado aos lesionados, esixirá de oficio das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que houbesen incorrido por dolo, ou culpa ou negligencia graves, previa instrución do procedemento que regulamentariamente se estableza.

Para a esixencia de devandita responsabilidade ponderaranse, entre outros, os seguintes criterios: o resultado danoso producido, a existencia ou non de intencionalidade, a responsabilidade profesional do persoal ao servizo das Administracións públicas e a súa relación coa produción do resultado danoso.

3. Así mesmo, a Administración instruirá igual procedemento ás autoridades e demais persoal ao seu servizo polos danos e prexuízos causados nos seus bens ou dereitos cando concorrese dolo, ou culpa ou negligencia graves.”

Sen lugar a dúbidas, estas circunstancias que contempla o artigo 145 da lei 30/1992 son coincidentes co resultado xudicial con sentenzas indemnizatorias e evidente prexuízo ás arcas públicas municipais.

É RESPONSABILIDADE e OBRIGA desta Corporación Municipal a creación de unha Comisión de Investigación en beneficio da transparencia á que obriga a nosa condición de representantes públicos e en defensa do interese xeral.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS**:

- **Creación de unha Comisión de Investigación que teña por obxecto aclarar e depurar as responsabilidades políticas a que houbera lugar, así como, a responsabilidade patrimonial nas que puideran incurrir as autoridades, técnicos e persoal ao servizo do concello que interviron nos expedientes anulados pola xustiza e que, consonte a lexislación de réxime xurídico das administracións públicas, sexa esixíbel por ter provocado danos e perdas para o concello.**
- **Incorporar a esta Comisión, ademais dos expedientes antes mencionados, todos os expedientes que a través de sentenzas xudiciais tivera un resultado indemnizatorio por parte do Concello de Sanxenxo dende a aprobación do Plan Xeral.**
- **Editar unha lista de comparecentes diante desta Comisión que inclúa: cargos políticos actuais e anteriores (todos aqueles relacionados cos expedientes a tratar), técnicos, xurídicos internos, xurídicos externos (gabinetes xurídicos contratados polo concello) e persoal implicado e relacionado cos expedientes obxecto de investigación.”**

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que a urxencia ten que ver coas responsabilidades procedentes de sentenzas xudiciais, cun custo de 200.000 €, como o da demolición do edificio da R. Progreso ou por enriba dos 600.000 €, no caso dos chalets de Dorrón, así como os pagamentos do SU 13, sendo a ameaza maior que ten este concello en termos económicos, recordando que están pendentes varias imputacións e que hai actuacións do gabinete xurídico que asesorou ao concello que deixan bastante que desexar, con posibles responsabilidades. A continuación dirixiuse ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** para manifestarlle que, en xaneiro de 2008, pediu a creación dunha comisión de investigación de edificios da empresa do anterior alcalde e que, en 2011, nun blog que mantiña, se solicitaba o mesmo para o SU 13, engadindo que, se antes se pedía a existencia dunha comisión de investigación, agora está mais xustificada esa solicitude.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, en primeiro lugar aludiu a que non tiña razón de ser a intervención anterior neste momento e a continuación manifestou que o **Sr. Otero Domínguez** buscaba que se dixesen palabras que puidesen chegar a oídos do xuíz competente e cualificou a moción de pouco valente, non atrevéndose a presentalas como facía el, citando as obras. Proseguiu dicindo que antes estaba na oposición e, agora, o seu compromiso, é que Sanxenxo teña un goberno estable, recordou que no caso do SU 13 houbo un cambio de lei e a consecuencia foi a devolución do diñeiro ingresado, cos correspondentes intereses que o concello

estaba obrigado a pagar, preguntándose a que ven neste momento referirse a feitos ocorridos fai mais de dez anos, engadindo que só tiña razón de ser antes das imputacións, agora hai que agardar que o xuíz siga coas dilixencias, rematando para aclarar que non todas as sentenzas contrarias teñen resultado indemnizatorio.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que ía propoñer o voto en contra e que estaría a favor da creación dunha comisión informativa, cando os gobernos do PSOE e o BNG afectados fixeran o mesmo nos seus concellos, como, por exemplo, o de Lugo.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**-----

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO QUE NON SE SUBA A COTIZACIÓN AS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS, ENTRE OUTROS (R. ENTRADA NÚM. 463 DO 27/01/14). O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo

EXPÓN:

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores productivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano así como as persoas traballadoras autónomas incluídas neste réxime especial ao amparo do que establece a disposición adicional vixésimo séptima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que microempresas destas características contraten menos de 10 persoas.

Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

As implicacións desta suba das cotizacións serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuír a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal, principal problema económico en Galiza e no Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría das empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza a

1.- Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a esta suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.

2.- Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas lexislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

3.- Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.”

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia porque o sector servizos é predominante neste concello, fundamentalmente pequenas empresas e o goberno do PP, que prometeu axudas aos autónomos, actúa en sentido contrario, contrastando coa idea de favorecer o autoemprego que pretendían dar.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

O **Sr. Otero Domínguez** expuxo que o tecido produtivo está en mans de autónomos e pequenas empresas, que non deben sufrir mais.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, anunciou o voto favorable porque os autónomos son os que sustentan o estado de benestar e non é este momento de crise o adecuado para subir as cotizacións.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que votarían a favor, posto que son as pequenas e medianas empresas as que xeran emprego.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que votaría a favor, posto que, grazas ás pequenas empresas e aos autónomos, se alcanzaba o nivel do PIB.

A **Sra. Alcaldesa** destacou que a maioría das empresas eran pequenas, o que tamén pasaba en Sanxenxo e se deben tomar medidas para reconducir esta situación e que non se lles cause prexuízo.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.**-----

7º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO SE MANTEÑA E SE APLIQUE A LEI ORGÁNICA 2/2010, DO 3 DE MARZO, DE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E DA INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO. (R. ENTRADA NÚM. 464 DO 27/01/14). A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Sandra Fernández Agraso, Concelleira do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPON:

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa

ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

2.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias do embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

3.- Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

4.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

5.- O Concello porá en marcha, a través da área de igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.”

A **Sra. Fernández Agraso** xustificou a urxencia polo interese en que se debata esta moción nas corporacións locais, explicando que o ministro Gallardón abriu un debate, tan só, para contentar a unha minoría de votantes do PP, por motivos case teolóxicos. A continuación defendeu a lei en vigor porque non impón, ao contrario da que figura en borrador e porque con ela diminuíron os abortos, lamentando por último se non se chega a debater esta moción no pleno, recordando que non todo o PP está de acordo co disposto no borrador da nova lei.

A **Sra. Alcaldesa** pediu a abstención respecto da solicitude de tramitación urxente desta moción e engadiu que defendía a liberdade individual, mentres que a interviniente anterior descualificaba o pensamento doutras persoas.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**-----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R.ENTRADA Nº 7918 DO 25/11/13). A Sra. **González Serén, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:

Os veciños colindantes con certas edificacións en estado ruinoso están a denunciar perxuicios de diversa índole causados polo mal estado e abandono de ditas edificacións como e o caso de aparición de ratas, perigo de derrubamento, basura, pegada de publicidade, en definitiva mal imaxen impropia dun concello que vive en gran medida do turismo. Estamos a referirnos a edificación da antiga casa cuartel de Noalla, estrutura sin rematar na rotonda de Arnelas, edificio en calle Progreso con esquina coa calle Consistorio, etc.

Rogamos insten os propietarios das edificacións mencionadas e similares a que acondicionen axeitadamente as suas propiedades.”-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R.ENTRADA Nº 7919 DO 25/11/13). A Sra. **González Serén, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:

A rúa Vilar na parroquia de Vilalonga, foi asfaltada antes da pasada tempada estival, e tamén o seu pintado das sinais horizontais.

A altura da biblioteca pública existe un pintado de pasos para peóns, carecendo de rampla no seu lado dereito para un paso axeitado para as persoas con minusvalías.

ROGO:

Rogamos se proceda a xestionar os trámites necesarios para dotar o mencionado paso de péons para adaptalo á normativa vixente en materia de accesibilidade.”-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R.ENTRADA Nº 476 DO 27/01/14). A Sra. **González Serén, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:

Instar á Diputación Provincial de Pontevedra a que trasladen ó Concello de Sanxenxo a intención e os prazos de execución das obras de recuperación patrimonial do Pazo de Quintáns así como dos proxectos para o que lle foi cedido con carácter inmediato no pleno do 30 de Xaneiro de 2012.”-----

4º) O Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, indicou que os veciños da Avenida Luis Rocafort pedían unha revisión do número de colectores de lixo desta zona, especialmente os de vidro, porque non teñen ningún.

5º) O Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou, respecto de Paxariñas, o mesmo que no anterior rogo, porque tampouco teñen ese tipo de colectores.

6º) O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, solicitou a revisión da fonte de Baltar, que leva mais ou menos un mes sen verter auga.

7º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que os veciños da Plataforma SOS Panadeira pediron permiso para intervir neste pleno, no turno de rogos e preguntas, mediante un escrito presentado por rexistro de entrada o día de hoxe no concello, que se lle facilita a **Sra. Presidenta**, sendo a súa transcripción literal a seguinte:

“Dª Guadalupe Gómez Abeledo.....

Solicita, turno de pregunta en el pleno del día corriente, para la interpelación a la Corporación sobre asunto atinente a las deudas del R.C.N. con nuestro Ayuntamiento.

En nombre:

Ruego de trámite en nombre de SOS PANADEIRA”-----

A **Sra. Alcaldesa** indicou que neste momento cría que a citada institución estaba ao día do pagamento dos impostos municipais, que debía a Nauta o importe da ocupación das terrazas e xa se lle requiriu ao respecto.

PREGUNTAS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (R.ENTRADA Nº 475 DO 27/01/14). A **Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal,** deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

Tras Resolución da Alcaldesa/Presidenta da Xerencia de Urbanismo de fecha 4-11-2013, autorízase os servizos técnicos da xerencia para a redacción da modificación puntual 4 do PXOM de Sanxenxo. Tan solo uns días despois, o 11-11-2013 xa estaba redactado e informado este anteproxecto, e 3 días despois o 14-11-2013 xa estaba sendo tratado nun consello da xerencia de Urbanismo, o cal nos parece perfecto.

No pleno ordinario de fecha 25-11-2013 Sanxenxo Agrupación Liberal presentaba unha moción solicitando a modificación puntual do PXOM necesaria para dar cobertura legal á futura reubicación do quiosco ubicado dentro da plaza de Vilalonga, co obxecto de dar cumprimento ó convenio establecido entre concello e propietario da plaza e poder recepcionar a plaza de forma pública.

A mencionada moción foi aprobada por unanimidade, polo que formulamos a seguinte PREGUNTA:

¿Qué e cales avances se fixeron para esta modificación puntual?”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que se estaba a tramitar na Xerencia de Urbanismo, explicando que se priorizaron actuacións, como a do Círculo Cultural e Deportivo, pola problemática da subvención do GDR e o proxecto de expropiación de O Revel.

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R.ENTRADA Nº 7904 DO 25/11/13). O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente :

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte:

PREGUNTA:

Dende fai moitos anos, vemos como o Pavillón de Deportes de Vilalonga, conta con innumerables deficiencias, chove dentro, humedades, rotura de vidros, de portas, de marcos, etc. Un pavillón con moitos usuarios diariamente que utilizan as mencionadas instalacións para a práctica de diversos deportes.

Estas deficiencias xa foron denunciadas en numerosas ocasións pola nosa parte así como por parte dos usuarios.

Podería decirnos de quen é a responsabilidade de facer o mantemento e a reparación das mencionadas deficiencias do Pavillón de Deportes de Vilalonga?”

O **Sr. Buezas Méndez** engadiu que parecía que se estaba ameazando aos usuarios do pavillón que, se seguen con esta queixa, se pechará esta instalación. A **Sra. González Domínguez** explicou que co tempo actual non se pode executar a obra de reparación e que a nadie se lle dixo que se ía pechar o referido recinto, tan só puntualmente polo seu estado. O **Sr. Buezas Méndez** aludiu mesmo a existencia de auga por enriba dos cadros de electricidade e a **Sra. Alcaldesa** precisou que xa se levaban feitas mais de 30 reparacións, engadindo que se necesitaba un novo tellado e facer un proxecto de reparación total, evitando parches.

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte:

PREGUNTA:

Fai uns días o Sr. Delegado da Xunta de Galicia, en Pontevedra Sr. Cores Tourís, dixo nos medios que os comerciantes de Sanxenxo se portaban moi ben, e que a Xunta subvencionou o comercio con 245.000 euros.

Gustaríanos saber si o Concello de Sanxenxo coñece a que se dedicou a mencionada cantidade de cartos?.”

A **Sra. Alcaldesa** respondeu que se refería a actuacións, que pasaron pola Mesa Local de Comercio, das diversas asociacións de praceiros e de Entretendas para promoción de actividades e campañas,

mostrando o seu apoio as iniciativas deste tipo que se realizan en Sanxenxo.

4º) O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, preguntou se se estaba cumprindo o plan de axuste, mesmo en materia de contratación de persoal, contestando a **Sra. Alcaldesa** que ao 100 por 100.

5º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, respecto do servizo de recollida de cans, que agora levaba a Deputación, preguntou se funcionaba os fin de semana. O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que o servizo era todo o ano, ante o que a inquirente explicou que paracía que dende a Policía Local se dixo que só traballaban de luns a venres e a **Sra. Alcaldesa** lamentou que non se dese esa información aos responsables do servizo.

E non habendo mais asuntos dos que tratar a **Presidenta** dá por rematada a sesión, sendo as vinte e tres horas e vinte minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**